

## A maioría dos concellos galegos carece de departamentos técnicos para exercer as súas competencias en materia de normalización lingüística

*As entidades locais galegas teñen [atribuídas competencias en materia de normalización lingüística](#) mais desenvólvenas de forma dispar. Só as deputacións e medio cento de concellos contan con servizos técnicos para asesorar e guiar a institución na súa política lingüística; e esta escaseza de persoal técnico coméntase cunha inestabilidade laboral xeneralizada. A CTNL reclama máis implicación das institucións para crearmos unha rede profesional e estable de servizos de normalización lingüística e mellorarmos conxuntamente o labor de promoción do uso e o prestixio da lingua.*

[17 de setembro de 2018]

O pasado mes de xuño, a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística [presentaron](#) o [Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia](#), un documento elaborado co obxectivo de aclarar calquera dúbida respecto da **competencia das administracións locais en materia de normalización lingüística**. A conclusión do informe é que “tanto a Xunta de Galicia como as entidades locais de Galicia teñen atribuídas competencias en materia de normalización lingüística”.

Con todo, **as entidades locais de Galicia desenvolven esta competencia de forma desigual**. Algunhas dótanse de departamentos técnicos que traballan nas diferentes áreas en que se dividen as [funcións dos servizos de normalización lingüística](#) (SNL): xerais, de dinamización lingüística, de formación sociolingüística e de asesoramento. Outras entidades contan con departamentos técnicos con funcións case exclusivamente de asesoramento lingüístico. Mais **a maioría das entidades locais de Galicia non conta con persoal técnico que as asesore e as guíe** para desenvolveren esta competencia de promoción do uso e do prestixio da lingua.

Se unha das eivas para levar a cabo a competencia recoñecida no informe citado é a inexistencia de departamentos técnicos, a outra é a **inestabilidade laboral xeneralizada** dos que existen nas administracións locais. Só arredor dunha vintena de SNL está baixo a responsabilidade de persoal laboral fixo ou funcionario; a maioría dos SNL que teñen certa continuidade depende de contratos temporais ou indefinidos (son pouco máis dunha trintena de SNL que teñen unha antigüidade de entre dous e aproximadamente 15 anos); e outra parte deles pasa da existencia á inexistencia en cuestión de meses, con contratos tan

breves que non permiten integrarse na institución nin desenvolver grande actividade (durante os anos 2016, 2017 e 2018 houbo 18 SNL destas características, cunha duración de entre un mes e 12 meses).

## Os servizos de normalización lingüística nas administracións locais hoxe

Despois de 35 anos da aprobación da [Lei de normalización lingüística](#) (LNL) son aínda **minoría os concellos que contan cun departamento técnico para traballar a prol da normalización da nosa lingua** e case anecdóticas as entidades locais que teñen este departamento totalmente estabilizado, é dicir, cuberto con funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo. Son tan poucos estes casos que podemos enumeralos en catro liñas: as catro deputacións, aínda que non todas desenvolvendo funcións de dinamización da lingua, nove concellos na provincia da Coruña, sete na de Pontevedra (tampouco todos con funcións de dinamización lingüística), e ningún nas provincias de Ourense e Lugo. Nos últimos cinco anos só se consolidou unha praza, no [Concello de Redondela](#), e farao proximamente outra no de [Abegondo](#).

Mais esta estabilidade que proporciona contar con persoal fixo tampouco garante sempre o servizo, pois algunhas entidades locais, cando a praza está vacante, optan por non cubrila ou tardan en dotala de novo. Son casos coma o **Concello da Estrada**, cuxa praza estivo sen ocupar durante varios anos e agora está pendente dun [proceso selectivo iniciado en febreiro](#) e aínda sen resolver (o terceiro proceso selectivo para o que debería ser unha interinidade desde hai seis anos), o **Concello de Val do Dubra**, que leva coa praza vacante máis dun ano sen aparente intención de cubrila, ou o **Concello de Ferrol**, que, sendo unha cidade con opción de reforzar o seu servizo grazas ás axudas da Deputación Provincial da Coruña, conta só cunha praza a xornada parcial desde hai tres anos.

Outras administracións locais teñen **departamentos técnicos que funcionan de forma continuada, pero sen chegar a ser totalmente estables**. Contratos de interinidade ou contratos temporais que se convierten en indefinidos sen que a entidade local acabe por considerar o servizo de normalización lingüística como un departamento técnico que desenvolve unha parte da actividade ordinaria da institución: a promoción do uso e do prestixio da lingua. Dentro deste grupo de entidades, que son a maioría das que contan con servizo de normalización lingüística hoxe, a casuística é variada, pois hai **servizos** que levan menos de cinco anos en funcionamento e outros **con máis de 10 ou 15 anos de traballo**, experiencia e dedicación que non son recoñecidas coa estabilidade laboral desexable.

A maioría destes servizos de normalización lingüística están na provincia da Coruña (24 servizos en 35 concellos), pois a **Deputación Provincial** leva varias lexislaturas convocando [axudas para a creación de SNL nas entidades locais](#), o que **favoreceu que se**

**constituíse unha rede de departamentos técnicos con certa estabilidade, aínda que non con postos definitivos.** Nin a [Xunta de Galicia](#) nin a [Deputación Provincial de Pontevedra](#) lograron un impacto semellante coas súas axudas, xa que estas non son exclusivas para a creación, mantemento e reforzo de SNL e, por tanto, non conseguen impulsar a creación de departamentos técnicos. De feito, nas outras provincias os SNL deste tipo son tres en Pontevedra e Lugo e dous en Ourense. Así e todo, os problemas de ocupación de vacantes tamén se dan nesta forma de contratación; por exemplo, o **Concello de Pontearreas** cubriu provisionalmente unha vacante no seu SNL cun contrato de prácticas, minguando aínda máis o recoñecemento e a consideración do labor e do persoal técnico do servizo.

A inestabilidade laboral é aínda maior noutras entidades que contan con **SNL sen continuidade temporal**. Acóllense ás diversas convocatorias de axudas –da Xunta de Galicia e das deputacións da Coruña e Pontevedra– e crean departamentos durante varios meses ao ano (entre un e seis meses). Desta forma, **nin consolidan nin integran o servizo na entidade**; e, no caso de acollérense ás subvencións das deputacións, mesmo perden unha porcentaxe alta da axuda, pois as entidades provinciais concédena para o ano natural, con minoración do importe se o SNL non está en funcionamento os 12 meses do ano.

Estiveron nesta situación seis SNL en concellos das provincias de Lugo e Ourense que se crearon durante poucos meses en 2016, 2017 e 2018 baixo o paraugas das axudas da Secretaría Xeral de Política Lingüística. E tamén algúns SNL da provincia da Coruña que non dan retomado o departamento técnico ou non conseguen convocar a praza ata que pasa máis de medio ano, de forma que perden a metade da subvención concedida. Son exemplos como **Oroso**, que só recuperou despois do verán o SNL creado en 2017, **Sada**, que aínda non retomou o SNL creado o ano pasado, **Porto do Son** ou **Zas**, que de momento non o crearon en 2018, ou o estraño caso de **Vimianzo**, co [proceso selectivo resolto xa en febreiro](#) e, no entanto, sen SNL. Na provincia de Pontevedra hai menos exemplos, pero sofren os mesmos atrasos: **Nigrán** contou cun SNL a xornada parcial durante 12 meses entre 2016 e 2017 e está [pendente do proceso selectivo](#) para retomar a actividade durante 12 meses máis, e **Gondomar** pediu varios anos a axuda da Deputación Provincial de Pontevedra sen chegar a crear SNL.

Con todo, **moitos outros concellos non prevén crear proximamente SNL**, nin temporalmente nin de forma continuada, a pesar de contaren coa posibilidade de solicitar axudas das deputacións da Coruña e Pontevedra que lles permitirían dotarse dun departamento técnico (as axudas da Secretaría Xeral de Política Lingüística son tan escasas que só dan soporte económico para a creación de SNL durante un curto período de tempo). Algúns destes concellos mesmo teñen aprobadas ordenanzas de normalización lingüística que mencionan o departamento técnico que non crean ([San Sadurniño](#), [Mugardos](#),

[Soutomaior](#), [Cangas](#), [Mos](#), [Marín](#), [Lalín](#) ou recentemente [As Neves](#)), algúns aprobaron ordenanzas que non prevén a posibilidade de ter un SNL ([Cuntis](#), [Silleda](#), [Salvaterra de Miño](#) e [Tomiño](#)) e outros nin aprobaron ordenanzas nin parece que teñan pensado dotarse dun departamento técnico (**Baiona**, **Bueu**, **Cambados**, **O Porriño**, **Sanxenxo** etc.). Moitos destes e doutros concellos forman parte da [Rede de Dinamización Lingüística](#) da Xunta e son as actividades que lles ofrece esta rede o único labor de dinamización lingüística que desenvolven. O resto da súa política lingüística límitase a cumprir a legalidade, principalmente a [Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais](#), ou a desenvolver actividades culturais en galego.

### **Departamentos técnicos para planificar, xestionar, executar e avaliar as accións de NL**

As ferramentas de traballo das administracións públicas son os **equipos técnicos especializados**, tanto no departamento de urbanismo ou no de servizos sociais como no de lingua. É imprescindible un **departamento técnico ou SNL estable**, dotado de persoal e orzamento suficiente, para analizar a situación da lingua na entidade local, no municipio ou na comarca, e para planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade.

A competencia municipal en normalización lingüística non se exerce só uns meses ao ano, con certas actividades esporádicas en galego, ou cumprindo a legalidade e redactando as actas e demais documentación interna da entidade na nosa lingua. Ter e desenvolver a competencia en normalización lingüística require un labor continuado, planificado e que poida ser avaliado. E, para realizalo, é necesario contar con persoal técnico que analice a realidade sociolingüística, as necesidades de intervención e as prioridades do contexto, que planifique e execute as accións que mellor poidan responder a esta análise, e que avalíe os resultados para reorientar a política lingüística con eficacia.

### **Maior implicación das institucións na creación dunha rede estable de SNL**

Cómpre, pois, unha **implicación maior das entidades públicas no proceso de normalización lingüística**. As catro deputacións e a Xunta, cun sistema de axudas que favoreza e impulse a constitución dunha **rede de SNL** en todo o país, pois só contando con persoal técnico se poderán desenvolver políticas lingüísticas rigorosas e eficientes. Os concellos, asumindo con valentía a súa competencia en normalización lingüística e **creando prazas técnicas** que planifiquen, xestionen, executen e avalíen accións e programas para mellorar o uso e o prestixio da lingua. As entidades locais que xa teñen SNL con continuidade, **consolidándoos definitivamente**, non só para afianzar o departamento na entidade, senón tamén para dar estabilidade a un grupo de técnicas e técnicos que, grazas á súa ampla experiencia e á formación continua, son as persoas máis capacitadas para

desenvolver labores de normalización lingüística. E, por último, os concellos das cidades galegas, **reforzando os** seus **SNL**, pois é no contexto urbano onde se necesita un traballo de promoción da lingua maior, labor que non se pode desenvolver coa mesma dotación de persoal ca nos concellos máis pequenos.